

Proxecto de orde pola que se establece o currículo dos títulos de especialista e de máster de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e a administración do ensino en toda a súa extensión, nos seus niveis e graos, nas súas modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o número 1 do seu artigo B1, o desenvolvan.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 39.3 que os cursos de especialización terán unha oferta modular, de duración variable, que integre os contidos teórico-prácticos adecuados aos diversos campos profesionais. Así mesmo, o artigo 42.2 dispón que estes cursos complementarán ou afondarán nas competencias das persoas que xa dispoñan dun título de formación profesional ou cumpran as condicións de acceso que se determinen para cada un deles. Ademais, o artigo 6, alíneas 3 e 5, establece que lle corresponde ao Goberno fixar os aspectos básicos do currículo, incluídos os resultados de aprendizaxe das ensinanzas mínimas de formación profesional, e ás administracións educativas establecer os currículos das distintas ensinanzas no ámbito das súas competencias.

A Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da formación profesional, configura un sistema único e integrado de formación profesional orientado á cualificación profesional das persoas ao longo da vida e á resposta flexible ás necesidades do sistema produtivo. No seu artigo 54 establece que a superación dun curso de especialización de formación profesional de grao medio dará dereito á obtención do título de especialista, mentres que a superación dun curso de especialización de grao superior dará dereito á obtención do título de máster de formación profesional.

O Real decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de formación profesional, regula no seu capítulo V do título II os cursos de especialización, establecendo a súa estrutura, a organización e os elementos curriculares básicos. Así mesmo, dispón no seu artigo 7 que as administracións educativas establecerán os currículos correspondentes aos graos D e E, respectando os elementos recollidos no currículo básico e adaptándoos ás características do seu territorio e do seu tecido produtivo.

Mediante o Real decreto 497/2024, do 21 de maio, modifícanse determinados reais decretos polos que se establecen cursos de especialización de formación profesional de graos medio e superior e se fixan as súas ensinanzas mínimas, co obxecto de adaptar a súa ordenación á nova estrutura do Sistema de formación profesional establecida pola Lei orgánica 3/2022, do 31 de marzo, e polo Real decreto 659/2023, do 18 de xullo.

Na ámbito autonómico, o Decreto 20/2026, do 9 de marzo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, regula a estrutura, a organización e o currículo das ofertas do Sistema de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. En particular, a sección 4ª do capítulo III regula os cursos de especialización da oferta de grao E, establecendo a súa estrutura modular, a organización da formación en empresa ou organismo equiparado e os aspectos básicos da súa ordenación académica.

Os cursos de especialización configúranse como ensinanzas orientadas á ampliación e á especialización das competencias profesionais das persoas tituladas en formación profesional, en coherencia coas necesidades de cualificación dos sectores produtivos e coa evolución do sistema económico e social.

En consecuencia, mediante esta orde régulanse os cursos de especialización do Sistema de formación profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, establecendo o seu currículo e determinados aspectos da súa organización e ordenación académica, correspondentes aos títulos de especialista e de máster de formación profesional da oferta de grao E.

Esta orde responde aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. En particular, atende aos principios de necesidade e eficacia, ao resultar imprescindible para desenvolver no ámbito autonómico o novo marco básico estatal e o disposto no Decreto 20/2026, do 9 de marzo; ao principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a determinación da organización e o currículo destas ensinanzas; ao principio de seguridade xurídica, ao se integrar de xeito coherente no ordenamento vixente; ao principio de transparencia, mediante a súa tramitación conforme os procedementos legalmente establecidos; e ao principio de eficiencia, ao facilitar un marco normativo claro, sistemático e aplicable polas centros docentes e pola Administración educativa.

En consecuencia, como persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no exercicio das facultades atribuídas polo artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co disposto

no artigo 4.2 do Decreto 20/2026, do 9 de marzo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia,

DISPÓÑO:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. A presente orde ten por obxecto establecer o currículo e determinados aspectos da organización e ordenación académica dos cursos de especialización, correspondentes aos títulos de especialista e de máster de formación profesional, da oferta de grao E do Sistema de formación profesional, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A presente orde será de aplicación nos centros educativos, públicos e privados da Comunidade Autónoma de Galicia que, debidamente autorizados, impartan cursos de especialización.

Artigo 2. Estrutura e duración dos cursos de especialización

1. Segundo o establecido no artigo 16 do Decreto 20/2026, do 9 de marzo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, os cursos de especialización terán estrutura modular e estarán constituídos por módulos profesionais do Catálogo modular de formación profesional, asociados ou non a estándares de competencia profesional.

2. Os módulos profesionais poderán responder tanto a estándares de competencia específicos do propio curso de especialización como ao afondamento dos xa incluídos nas titulacións que dan acceso a estes estudos.

3. A duración total das ensinanzas correspondentes aos cursos de especialización de grao medio e de grao superior será a establecida no correspondente real decreto que estableza o curso de especialización e no que se fixen os aspectos básicos do currículo.

Artigo 3. Módulos profesionais do curso de especialización

1. Con carácter xeral os resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación dos módulos profesionais serán os indicados nos respectivos reais decretos polos que se establecen os cursos de especialización de grao medio e de grao superior e se fixan os aspectos básicos do currículo.

2. En consonancia co punto 4 do artigo 4 do Decreto 20/2026, do 9 de marzo, con carácter xeral, os contidos de cada uns dos módulos profesionais que garantan a formación homoxénea e igualitaria en toda a Comunidade Autónoma estarán dispoñibles na aplicación informática de elaboración de programacións posta ao dispor dos centros pola consellería.

Artigo 4. *A duración e distribución dos módulos profesionais*

1. A duración dos módulos profesionais de cada curso de especialización é a que se indica na alínea a) do anexo I e seguintes anexos da presente orde.
2. No caso da oferta ordinaria a distribución dos módulos profesionais por cursos de cada ciclo formativo é a que se recolle na alínea a) do anexo I e seguintes anexos da presente orde.
3. De acordo co artigo 7, punto 5, do Decreto 20/2026, a oferta modular poderá concentrarse en determinados períodos do curso escolar.

Artigo 5. *Fase de formación en empresa*

1. Segundo o artigo 22 do Decreto 20/2026, do 9 de marzo, os cursos de especialización incorporarán un período de formación en empresa ou organismo equiparado cando o currículo básico así o estableza, e tamén nos casos en que, tendo en conta as características do sector produtivo, esta formación permita mellorar a capacitación das persoas e a súa inserción profesional.

2. A formación na empresa ou organismo equiparado desenvolverase mediante unha distribución adecuada dos procesos formativos entre os centros de formación profesional e as empresas ou organismos equiparados, contribuíndo ambos ao logro das competencias previstas en cada oferta de formación.

3. A formación na empresa ou organismo equiparado terá a duración e abordará as porcentaxes de resultados de aprendizaxe indicadas no artigo 7.4 do Decreto 20/2026.

Artigo 6. *Metodoloxía*

1. Segundo o artigo 28 Decreto 20/2026, do 9 de marzo, a metodoloxía didáctica que se empregará no desenvolvemento das actividades promoverá a integración dos contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos, potenciará a aprendizaxe autónoma e o traballo en equipo, fomentará o desenvolvemento das habilidades sociais necesarias para desempeñar a actividade laboral e a igualdade, e evitará calquera tipo de discriminación, co fin de que o alumnado adquiera unha visión global dos procesos produtivos propios da actividade profesional correspondente.
2. Favorecerase a elaboración de modelos abertos de programación docente, coa implantación de metodoloxías activas baseadas en proxectos e retos, próximas á realidade produtiva, e a utilización de recursos e materiais tecnolóxicos que garantan a calidade e a actualización da formación, melloren a aprendizaxe e atendan ás necesidades

de cada persoa en formación, favorecendo a participación das empresas no proceso formativo.

3. No caso de traballar con metodoloxías activas de aprendizaxe, sen diferenciar os módulos profesionais ou proxectos, a programación da oferta formativa do centro debe recoller claramente todos os resultados de aprendizaxe suxeitos a avaliación, posterior cualificación e registro nos documentos oficiais de avaliación e proposta de titulación ou certificada.
4. As ensinanzas de formación profesional de oferta modular, presencial, semipresencial e virtual organizaranse cunha metodoloxía flexible e aberta, baseada na autoaprendizaxe e adaptada ás condicións, capacidades e necesidades do alumnado, e aos seus intereses persoais, que lles permita a conciliación da aprendizaxe con outras actividades e responsabilidades.
5. Prestaráselles unha atención adecuada ás persoas con discapacidade, no relativo ás condicións de accesibilidade, e cos recursos de apoio necesarios en cada caso para garantir que este alumnado poida cursar estas ensinanzas.
6. As programacións que desenvolvan o currículo das ensinanzas de formación profesional deberán ter en conta o principio de «deseño para todas as persoas». Para tal efecto, recollerán as medidas necesarias co fin de que o alumnado poida conseguir a competencia xeral do título, expresada a través das competencias profesionais, persoais e sociais, así como os resultados de aprendizaxe de cada un dos módulos profesionais.
7. A consellería con competencias en materia de educación promoverá medidas metodolóxicas de atención á diversidade que permitan aos centros educativos, no exercicio da súa autonomía, unha organización das ensinanzas adecuada ás características do alumnado, con especial atención no relativo á adquisición das competencias lingüísticas contidas nos módulos profesionais ou ámbitos para o alumnado que presente dificultades na súa expresión oral, sen que as medidas adoptadas supoñan unha minoración da avaliación das súas aprendizaxes.

Artigo 7. Espazos e equipamentos

1. Os espazos e equipamentos mínimos necesarios para o desenvolvemento dos cursos de especialización regulados nesta orde serán os establecidas nas alíneas b) e c) do anexo II e seguintes da presente orde.

2. Os espazos e os equipamentos deberán garantir o desenvolvemento das actividades de ensino que permitan a adquisición do conxunto dos resultados de aprendizaxe incluídos en cada título.

3. Os espazos disporán da superficie necesaria e suficiente para desenvolver as actividades de ensino que se deriven dos resultados de aprendizaxe de cada módulo profesional. Ademais, deberán cumprir as seguintes condicións:

- a) A superficie establecerase en función do número de persoas que ocupen o espazo formativo, e deberá permitir o desenvolvemento das actividades de ensino e aprendizaxe coa ergonomía e a mobilidade requiridas dentro deste.
- b) Deberán cubrir a necesidade espacial de moblaxe, equipamento e instrumentos auxiliares de traballo.
- c) Deberán respectar os espazos ou superficies de seguridade que exixan as máquinas e os equipamentos en funcionamento.
- d) Cumprirán a normativa sobre prevención de riscos laborais, a normativa sobre seguridade e saúde no posto de traballo e cantas outras normas sexan de aplicación.
- e) Poderán ser ocupados por diferentes grupos que cursen o mesmo ou outros ciclos formativos ou etapas educativas. A diferenciación dos espazos formativos poderase realizar sen necesidade de pechamentos, agás cando así o requiran a racionalidade da oferta educativa e a economía na xestión dos recursos públicos.

4. O grao de utilización dos espazos expresa en tanto por cento a ocupación estándar de referencia en horas do espazo prevista para a impartición das ensinanzas no centro educativo, por un grupo de alumnado, respecto da duración total destas. O grao de utilización de cada espazo, de acordo coa oferta destas, poderase incrementar ou diminuír nun 5 % sempre que se cumpra:

- a) Que o grao de utilización sexa superior o 5 % e o resultado de minorar non sexa inferior ao 3 %.
- b) Que a suma total dos graos de ocupación sexa o cento por cento.

Na marxe permitida polo grao de utilización, os espazos formativos establecidos poden ser ocupados por outros grupos de alumnado que cursen o mesmo ou outros ciclos formativos, ou outras etapas educativas.

En todo caso, as actividades de aprendizaxe asociadas aos espazos formativos (coa ocupación expresada polo grao de utilización) poderán realizarse en superficies utilizadas tamén para outras actividades formativas afíns, sempre que se dispoña do equipamento necesario nestas.

5. A cantidade e as características dos equipamentos que se inclúen en cada espazo deberá estar en función do número de alumnos e alumnas, e serán os necesarios e suficientes para garantir a calidade do ensino e a adquisición dos resultados de aprendizaxe, tendo en conta

os criterios de avaliación e os contidos que se inclúen en cada módulo profesional que se imparta nos referidos espazos.

6. O equipamento disporá da instalación necesaria para o seu correcto funcionamento, cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos, e cantas outras sexan de aplicación, e respectaranse os espazos ou as superficies de seguridade que exixan as condicións operativas das máquinas ou os equipamentos en funcionamento.

7. Os espazos formativos e os equipamentos poderán ser compartidos entre diferentes grupos, ciclos formativos ou ensinanzas, e adaptaranse a distintas posibilidades metodolóxicas coma a aprendizaxe por proxectos ou a aprendizaxe colaborativa, que permitan garantir a calidade da formación e a consecución dos resultados de aprendizaxe previstos.

Artigo B. Profesorado

1. As especialidades establecidas ou, de ser o caso, o persoal experto do sector produtivo, para impartir nos módulos profesionais dos cursos de especialización e as titulacións e os requisitos que debe cumprir o profesorado de centros de titularidade privada ou de titularidade pública doutras administracións distintas das educativas serán os indicados no correspondente real decreto que estableza o título e fixe os aspectos básicos do currículo.

2. Cando non exista dispoñibilidade de profesores ou profesoras da especialidade correspondente ou de quen estea en posesión das titulacións requiridas para impartir docencia en centros de titularidade privada ou de titularidade pública doutras administracións distintas das educativas que teñan autorización para impartir estas ensinanzas, exixirase que as ensinanzas conducentes ás titulacións que se requiran para impartir docencia engloben os resultados de aprendizaxe dos módulos profesionais e, se os devanditos resultados de aprendizaxe non estivesen incluídos, ademais da titulación deberase acreditar, mediante certificación, unha experiencia profesional ou de docencia de polo menos tres anos vinculada aos módulos correspondentes.

3. Para os efectos dunha mellor organización dos centros educativos, optimización dos recursos humanos e configuración dos horarios do persoal docente:

a) As direccións dos centros poderán agrupar varios módulos ou accións formativas para seren impartidos polo mesmo profesor ou a mesma profesora.

b) Coa finalidade de lles dar continuidade aos proxectos de investigación ou de innovación aplicada ou de innovación didáctica ou metodolóxica que teñan un período de execución de máis dun curso académico e que estean vinculados a impartir en determinados módulos profesionais, ámbitos ou proxecto, o profesorado que continúe destinado no centro e que os viña impartindo terá prioridade para seguir impartindo o módulo, ámbito ou proxecto ata a

súa finalización, de conformidade co establecido no punto 1 da disposición adicional terceira do Decreto 20/2026, do 9 de marzo.

Artigo 9. Persoas expertas do sector produtivo, persoas expertas asociadas de formación profesional e persoas expertas sénior de empresa

1. De acordo co artigo 48 do Decreto 20/2026, as persoas expertas do sector produtivo poderán ser contratadas para impartiren ofertas de formación profesional, cando se requira para cubrir as necesidades de formación, logo de esgotadas as vías ordinarias para garantir a docencia ou cando sexa preciso para garantir o dominio de procesos específicos do sector produtivo.

2. Segundo o artigo 49 do Decreto 20/2026 e para garantir o dominio de determinados procesos específicos do sector produtivo, a consellería competente en materia de educación poderà contratar, nos centros públicos, como personal experto asociado de formación profesional persoas expertas do sector produtivo, para impartiren ofertas de graos E e ofertas de alta especialización, que contan cun recoñecido prestixio profesional ou presten os seus servizos en empresas e entidades de importancia significativa para os sectores produtivos galegos e que tamén apoien accións de investigación e innovación, aplicada nos centros en que presten servizos, incluídos nalgunha rede de investigación e innovación de excelencia, así como no Centro Galego da Innovación da Formación Profesional.

3. De acordo co artigo do Decreto 20/2026 poderase contratar persoas expertas sénior de empresa para cubrir as necesidades de formación nas ofertas de formación profesional ou para garantir a permanente actualización do currículo no centro de formación profesional.

4. Os centros públicos poderán realizar proposta dos perfís profesionais necesarios para realizar a contratación das persoas expertas do sector produtivo, das persoas expertas asociadas de formación profesional e das persoas expertas sénior de empresa.

As propostas que contan coa validación do servizo de inspección serán remitidas á dirección xeral con competencias en formación profesional para a súa análise e aprobación, e incluírán:

- a) A denominación dos módulos profesionais ou, de ser o caso, as unidades de menor duración, nas que as persoas expertas ou asociadas de formación profesional realizarán a docencia.
- b) As accións de investigación e innovación nas que participarán.

Logo de analizadas as propostas de contratación, a dirección xeral con competencias en formación profesional aprobará a relación dos perfís profesionais que poden ser obxecto de contratación pola dirección xeral con competencias en persoal.

Disposición adicional primeira. *Desenvolvemento do currículo*

O currículo establecido neste decreto será obxecto dun posterior desenvolvemento a través das programacións elaboradas para cada módulo profesional, consonte o establecido no capítulo V do Decreto 20/2026, do 9 de marzo.

Os centros educativos desenvolverán este currículo de acordo co establecido no artigo 9 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Disposición adicional segunda. Regulación do exercicio da profesión

Os elementos recollidos nos currículos regulados nesta orde non constitúen regulación do exercicio de profesión regulada ningunha.

Disposición adicional terceira. Oferta na modalidade semipresencial ou na modalidade virtual

A impartición das ensinanzas dos módulos profesionais dos cursos de especialización na modalidade semipresencial ou na modalidade virtual garantirá que o alumnado poida obter os resultados de aprendizaxe destes.

Disposición adicional cuarta. Autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas reguladas nesta orde

A autorización a centros privados para a impartición das ensinanzas dos ciclos de grao medio regulados nesta orde exixirá que desde o inicio do curso escolar, ou en todo caso antes do inicio da actividade formativa, se cumpran os requisitos de profesorado, espazos e equipamentos, e contén dos postos formativos suficientes nas empresas ou organismos equiparados para a realización da fase de formación da totalidade do alumnado.

Disposición adicional quinta. Xestión administrativa e académica

Segundo o artigo 45 do Decreto 20/2026, do 9 de marzo, todas os centros que impartan ensinanzas de formación profesional conforme o que se establece neste decreto deberán empregar na súa xestión administrativa e académica os programas e as aplicacións informáticas e telemáticas que a consellería competente en materia de educación empregue para o exercicio das súas competencias.

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento normativo

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional para ditar as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento do establecido nesta orde.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, de de dous mil vinte e seis



Román Rodríguez González.

Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

PROXECTO

Anexo I

GM Floraría e arte floral

A) Módulos profesionais

Código	Módulo profesional	Duración
MP5139	Fundamentos do arte floral	110
MP5140	Composicións con flores	140
MP5141	Composicións con plantas naturais	80
MP5142	Composicións para eventos sociais e conmemorativos	140
MP5143	Ornamentación de grandes espazos con flores e plantas	130
TOTAL		600

B) Espazos e equipamentos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula de informática	60	40	25%
Taller de floraría	90	60	60%
Almacén de floraría	30	20	15%

* O número de unidades que deben dispor dos utensilios, as máquinas e as ferramentas que se especifican no equipamento dos espazos formativos será o suficiente para un mínimo de 20 alumnos/as e deberá incrementarse, de ser o caso, para atender a número superior.

* Non debe interpretarse que os espazos formativos identificados deban diferenciarse necesariamente mediante cerramentos. As instalacións e os equipamentos deberán cumprir a normativa industrial e hixiénico-sanitaria correspondente e responderán a medidas de accesibilidade universal e seguridade dos/as participantes.

Equipamentos
• Equipamentos informáticos e medios audiovisuais. Software de uso xeral e específico do ciclo.
• Lousas. Material de aula.
• Mesas e cadeiras para a persoa formadora e para o alumnado.
• Mesas de traballo 90 cm de altura.
• Mostradores. Andeis. Armarios. Armario pechado para produtos especiais.
• Escaleira.
• Servizos auxiliares de auga e enerxía eléctrica.
• Caixa de primeiros auxilios.
• Máquina rotuladora de cintas.
• Serra de calar.
• Trípode para coroas.
• Contedor para xestión de residuos. Desaugadoiro.
• Cámara frigorífica (15 m ³).

Anexo II

GM Insecticultura

A) Módulos profesionais

Código	Módulo profesional	Duración
MP5150	Reproducción de insectos con estadios de ninfa	170
MP5151	Reproducción de insectos con estadios larvarios	170
MP5152	Ceba de insectos con estadios de ninfa e con estadios larvarios	200
MP5154	Certificación da produción ecolóxica	60
TOTAL		600

B) Espazos e equipamentos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula polivalente	50	40	20%
Laboratorio	60	50	20%
Taller agrario	60	50	40%
Almacén maquinaria	30	30	5%
Almacén e silo de pensos e alimentos frescos	30	30	10%
Almacén de medicamentos	30	30	5%

Equipamentos
• Equipamentos informáticos instalados en rede e medios audiovisuais. Software de uso xeral e programas informáticos específicos do curso de especialización.
• Aplicacións de ofimática de escritorio ou na nube.
• Conexión a internet.
• Mesas e cadeiras para a persoa formadora e para o alumnado.
• Lupas binoculares ou estereomicroscopios, con cámara integrada para proxectar en vivo.
• Microscopio óptico (para uso do profesorado).
• Placas Petri.
• Tubos de ensaio de plástico con tapón (PP ou PS).
• Tubos Falcon.
• Microtubos Eppendorf.
• Pinzas de disección entomolóxica.
• Lavabo funcional para limpeza e desinfección de material.
• Luvas de manipulación (nitrilo).
• Balanzas básicas de precisión
• Equipamentos e materiais de identificación e marcaxe colectiva (etiquetaxe).
• Comedeiros e bebedoiros (recipientes e tapas de plástico).
• Instalacións e equipamentos de cribado e separación/calibración (cribas manuais ou automáticas).
• Material e equipamento de limpeza das instalacións.
• Equipamentos de mestura de alimentos (mesturador).
• Insectos con fase ninfa de diferentes idades e en diferentes estadios biolóxicos.
• Incubadoras aplicadas á cría de insectos
• Termómetros e higrómetros dixitais. Higrómetros de substrato.
• Paletas dosificadoras de alimentos.
• Luvas de manipulación (nitrilo).



• Pinzas de uso entomolóxico.
• Equipamentos de hidratación (nebulizador/esparexedor de auga).
• Contedores de residuos.
• Equipamentos de protección individual (EPI).
• Sacos de penso de engorda para polos e farelo de trigo.
• Frigorífico para froita, legumes frescos e auga en xel.
• Conxelador para manipulación e conservación de mostras biolóxicas.
• Medicamentos.
• Material accesorio para a aplicación de medicamentos en penso e auga.
• Neveiras e material de conservación de medicamentos.

PROXECTO

Anexo III

GM Implementación de redes 5G

A) Módulos profesionais

Código	Módulo profesional	Duración
MP5053	Implementación de redes 5G	198
MP5054	Mantemento de infraestruturas e redes 5G	102
TOTAL		300

B) Espazos e equipamentos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula técnica	120	90	100%

Equipamentos
• Equipamentos informáticos instalados en rede e medios audiovisuais. Software de uso xeral e específico do ciclo.
• Internet, ethernet.
• Sistemas de proxección.
• Sistemas de reprografía.
• Aplicacións específicas para medida de parámetros de redes móbiles.
• Aplicacións para probas de conectividade.
• Analizadores de cableamento.
• Antenas GPS.
• Antenas, radioenlaces 4G e 5G.
• Cableamento de fibra óptica.
• Dispositivos de conexión redes externas.
• Dispositivos sen fíos.
• Ferramentas, medios e equipamentos de probas de conectividade.
• Equipamentos de forza.
• Estación base distribuída.
• Racks.
• Ferramentas para traballos eléctricos e mecánicos.

Anexo IV

GM Instalación e mantemento de sistemas conectados a internet (IoT)

A) Módulos profesionais

Código	Módulo profesional	Duración
MP5081	Instalación de dispositivos e sistemas conectados, IoT	198
MP5082	Mantemento de dispositivos e sistemas conectados, IoT	162
TOTAL		360

B) Espazos e equipamentos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula técnica	120	90	100%

Equipamentos
• Equipamentos informáticos instalados en rede e medios audiovisuais. Software de uso xeral e específico do ciclo.
• Computador portátil con software de exploración de redes e SDK/IDE de programación dos nodos sensoriais.
• Aplicacións ofimáticas.
• Aplicacións informáticas de simulación. Instrumentos electro-ópticos con conexión GPS.
• Equipamentos sen fíos de comunicacións: módems, puntos de acceso etc.
• Sistemas de proxección.
• Sistemas de reprografía.
• Plataforma de integración de dispositivos de IoT.
• Móviles ou dispositivos con cobertura celular 5G/4G/3G/GPRS, ou outras usando SIM de operadoras nacionais.
• Analizadores de redes Ethernet.
• Dispositivos LPWAN, LoRaWAN.
• Instrumentos informatizados para probas de conectividade de protocolo de rede de LPWAN-LoRaWAN.
• Equipamentos WiFi: puntos de acceso, tarxetas, adaptadores e antenas de distintos tipos.
• Ferramentas manuais e eléctricas para traballos mecánicos.
• Elementos de protección e seguridade.
• Equipamentos de protección individual.
• Equipamento de soldadura branda fixo e portátil.
• Equipamentos para a xestión de residuos.

Anexo V

GM Panadaría e bolaría artesanais

A) Módulos profesionais

Código	Módulo profesional	Duración
MP5016	Masas nai de cultivo e prefermentos	118
MP5017	Tecnoloxía do frío aplicada á panadaría artesanal	100
MP5018	Pans artesanais de cereais tradicionais, especiais e pseudocereais	164
MP5019	Bolaría artesanal e follados	164
MP5020	Cata e maridaxe de produtos de panificación	54
TOTAL		600

B) Espazos e equipamentos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula polivalente	60	40	20%
Aula obradoiro de panadaría e bolaría	150	120	65%
Almacén de alimentación	20	20	15%

Equipamentos

• Equipamentos informáticos instalados en rede e medios audiovisuais. Software de uso xeral e específico do ciclo. Programas informáticos de aplicación.
• Servizos auxiliares de auga quente e fría, e enerxía eléctrica.
• Chans, paredes, teitos, protección de fiestras e desaugadoiros segundo a normativa técnico-sanitaria.
• Sanitarios.
• Vertedoiros e lavamáns.
• Vestiarios de alumnos, alumnas, profesores e profesoras, con armarios.
• Office.
• Cámaras de conxelación.
• Cámaras de fermentación.
• Cámaras de refrixeración.
• Mesas de traballo de aceiro inoxidable.
• Mesas de traballo frías.
• Moblaxe en aceiro inoxidable para a garda dos utensilios.
• Vitrinas expositoras con sistema de refrixeración e iluminación.
• Fornos de pedra e de aire, baños maría e cazos eléctricos.
• Carros portatalas e o seu correspondente xogo de latas para enforar.
• Cociñas con polo menos dous focos de calor.
• Abatedor de temperatura.
• Bateria de cocción.
• Arañas, cazos, mármore, moldes para bombóns, garfos de baño.
• Batedores, amasadoras, divisoras, laminadoras, enchedoras ou inxectoras.
• Aros, fiador de ovo, coadores, coadores chineses, barutos e pranchas queimadoras de azucre.
• Lavalouzas de uso.
• Balanzas de precisión e básculas.
• Cortadora de pan.
• Cuarto de lixo refrixerado.

• Espátulas e coitelos de diferente tamaño.
• Termómetros, cronómetros, pesaxaropes ou refractómetros, cepillos, pinces, coitelas e outros utensilios propios da profesión.
• Utensilios para conter: cuncas, cubetas, bandexas e moldes.
• Utensilios para medir: xerras medidoras.
• Utensilios para mesturar: linguas e espátulas.
• Utensilios para estender e cortar: espátulas e coitelos de diferente tamaño.
• Utensilios para escudelar: xogos de boquillas para mangas pasteiras e mangas reutilizables e dun só uso.
• Almacén para material
• Andeis de uso alimentario.
• Contedores de materias primas.
• Básculas.
• Palé de uso alimentario para almacéns.
• Carro de transporte de carga.

PROXECTO

Anexo VI

GM Coordinación do persoal en reunións profesionais, congresos, feiras, exposicións e eventos

A) Módulos profesionais

Código	Módulo profesional	Duración
MP5135	Reunións profesionais, congresos, incentivos, feiras e exposicións (MICE)(MICE)**	200
MP5136	Operativa en accións de márketing, promocións e venda de eventos	180
MP5137	Protocolo aplicado a reunións profesionais e eventos	130
MP5138	Inglés de especialización	90
TOTAL		600

B) Espazos e equipamentos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula técnica	60	40	100%

Equipamentos
• Equipamentos informáticos instalados en rede e medios audiovisuais. Software de uso xeral e programas informáticos específicos do curso de especialización. Aplicacións de ofimática de escritorio.
• Conexión a internet.
• Programas informáticos de aplicación específicos do curso de especialización.
• Almacenamento de ficheiros.
• Sistemas de reprografía.

Anexo VII

GM Mestría de corte e cata de xamón e paleta curada

A) Módulos profesionais

Código	Módulo profesional	Duración
MP5158	Corte e tallado de xamón e paleta curados.	150
MP5158	Cata de xamón e paleta curados	150
TOTAL		300

B) Espazos e equipamentos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula técnica	90	60	75%
Almacén de alimentación	10	10	25%

Equipamentos
• Moblaxe básica dunha aula estándar.
• Equipamentos informáticos instalados en rede e medios audiovisuais.
• Software de uso xeral e específico do curso de especialización.
• Sistemas de reprografía
• Elementos de corte de mostra: mesas para o xamón, mesas auxiliares para os coitelos, soporte xamoneiro, coitelos (xamoneiro, carniceiro, desosador e puntilla), utensilios (pinzas, chaira e luvas de malla).
• Louza e cristalaría variada para empratamento, presentación e cata, entre outras.
• Material de lenzaría (manteis, panos de mesa e outros panos, e uniforme para o persoal cortador).
• Elementos de cata (manteis de cata, panos de mesa, copas para a auga, pratos para o pan ou a mazá, fichas de avaliación sensorial e bolígrafo).
• Material para a limpeza dos elementos de corte e cata.
• Formularios de autorización de xestión de datos persoais, e de xestión de datos persoais,
• Plataformas dixitais para enquisas.
• Material impreso de divulgación.
• Andeis de uso alimentario.
• Ganchos para pendurar xamóns.
• Básculas.
• Carro de transporte de carga.

Anexo VIII

GM Mantemento de vehículos híbridos e eléctricos

A) Módulos profesionais

Código	Módulo profesional	Duración
MP5060	Seguridade en vehículos híbridos e eléctricos	100
MP5061	Sistemas de propulsión en vehículos híbridos e eléctricos	200
MP5062	Sistemas eléctricos de alta voltaxe, baterías e recarga	190
MP5063	Transmisión de forzas e xestión térmica	160
TOTAL		650

B) Espazos e equipamentos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula polivalente	60	40	25%
Laboratorio de electricidade de alta voltaxe	210	150	30%
Taller de motores híbridos e eléctricos	210	150	25%
Taller de transmisións e de climatización	160	100	20%

Equipamentos
• Equipamentos informáticos instalados en rede e medios audiovisuais. Software de uso xeral e programas informáticos de aplicación e ofimática.
• Computador portátil con software de osciloscopio dixital e conexión OBD.
• Conexión a internet.
• Sistemas de reprografía.
• Bancos de traballo.
• Extractor de fumes para vehículos híbridos
• Carro con equipamento de ferramentas e utensilios específicos de automoción. Electroesmeriladora.
• Carro con equipamento de ferramentas e utensilios específicos de electromecánica.
• Equipamento de ferramentas específicas de metroloxía.
• Equipamento de ferramentas manuais de automoción.
• Calibres e micrómetros.
• Equipamentos didácticos de electricidade e electrónica analóxica e dixital
• Comprobadores de illamento.
• Equipamentos de ferramentas illadas.
• Equipamentos de ferramentas illadas para traballos con alta voltaxe.
• Pinza inductiva para intensidade en corrente continua.
• Polímetros dixitais de automoción.
• Fontes de alimentación.
• Ferramentas específicas para climatización e refrixeración.
• Equipamento de diagnose conectado a computador portátil e conexión OBD.
• Estación de diagnose do sistema de refrixeración.
• Elevador de dúas columnas.
• Guindastre de taller pregable.
• Gatos hidráulicos.

• Xogos de extractores.
• Prensa hidráulica
• Cabaletes de suxeición de motores.
• Motores eléctricos con bancadas para a súa montaxe e o seu acoplamento.
• Arrancadores electrónicos para motores híbridos.
• Analizador de motores híbridos.
• Baterías e acumuladores de diferentes voltaxes.
• Verificadores de ausencia de tensión.
• Voltímetro-amperímetro con reóstato.
• Manómetros dixital e analóxico.
• Bomba manual de presión-depresión (mitivac).
• Cargador-arrancador de baterías.
• Comprobador de baterías.
• Comprobador de resistencia interna de corrente continua en módulos de baterías de alta voltaxe.
• Comprobador presións hidráulicas.
• Equipamento de purga de sistema de freos hidráulicos.
• Equipamento de verificación de fugas A/A.
• Estación de carga e reciclaxe de A/A.
• Maqueta de circuitos eléctricos de alta voltaxe e comunicación de unidades de control con bus de datos (CAN, LIN etc.).
• Maquetas ou paneis simuladores de motores híbridos.
• Maquetas ou paneis simuladores de sistemas de propulsión eléctrica (máquinas eléctricas e pila de combustible).
• Panel simulador de climatización do habitáculo, de refrixeración da batería e de elementos eléctricos de alta voltaxe.
• Panel simulador de conexións de módulos de baterías de alta voltaxe.
• Panel simulador de transmisións automáticas, freos rexenerativos e ABS.
• Punto de recarga instalado con conectores para vehículos eléctricos.
• Sistemas de seguridade: luvas de goma (clase 0) de ata 1000 volts, protectores faciais de arco eléctrico, alfombras de chan de alta voltaxe, cadeas de seguridade, valos de seguridade, gancho salvavidas non condutivo.
• Sistemas de seguridade: luvas de goma (clase 0) de ata 1000 volts, protectores faciais de arco eléctrico, cadeas de seguridade, valos de seguridade e gancho salvavidas non condutivo.
• Discos de condenación e illamentos para terminais de alta tensión.
• Zona de seguridade preparada para baterías de alta voltaxe.

Anexo IX

GS Posicionamento en buscadores (SEO/SEM) e comunicación en redes sociais

A) Módulos profesionais

Código	Módulo profesional	Duración
MP5110	Estratexia dixital básica	120
MP5111	Xestión do posicionamento e a comunicación en liña	120
MP5112	Posicionamento orgánico en buscadores (SEO)	150
MP5113	Posicionamento de pagamento en buscadores (SEM)	200
MP5114	Comunicación en redes sociais	120
TOTAL		710

B) Espazos e equipamentos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula polivalente	60	40	100%

Equipamentos
<ul style="list-style-type: none"> Equipamentos informáticos instalados en rede e medios audiovisuais. Software de uso xeral e programas informáticos específicos do curso de especialización. Aplicacións de ofimática de escritorio ou na nube. Conexión a internet. Almacenamento de ficheiros en servidores accesibles. Sistemas de reprografía.

Anexo X

GS Comercio electrónico

A) Módulos profesionais

Código	Módulo profesional	Duración
MP5130	Administración de plataformas de comercio electrónico	220
MP5131	Xestión do márketing relacional aplicado ao comercio electrónico	140
MP5132	Loxística do comercio electrónico	220
MP5133	Atención á clientela e ás persoas consumidoras e/ou usuarias de comercio electrónico	120
TOTAL		700

B) Espazos e equipamentos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula polivalente	60	40	100%

Equipamentos
<ul style="list-style-type: none"> Equipamentos informáticos instalados en rede e medios audiovisuais. Software de uso xeral e programas informáticos específicos do curso de especialización. Aplicacións de ofimática de escritorio ou na nube. Almacenamento de ficheiros na nube. Conexión a internet. Sistemas de reprografía.

Anexo XI

GS Redacción de contidos dixitais para márketing e vendas

A) Módulos profesionais

Código	Módulo profesional	Duración
MP5114	Comunicación en redes sociais	120
MP5123	Estratexia de contidos dixitais	130
MP5124	Redacción de contidos dixitais	160
TOTAL		410

B) Espazos e equipamentos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula polivalente	60	40	100%

Equipamentos
<ul style="list-style-type: none"> Equipamentos informáticos instalados en rede e medios audiovisuais. Software de uso xeral e programas informáticos específicos do curso de especialización. Aplicacións de ofimática de escritorio ou na nube. Almacenamento de ficheiros na nube. Conexión a internet. Sistemas de reprografía.

Anexo XII

GS Sistemas de sinalización e telecomunicacións ferroviarias

A) Módulos profesionais

Código	Módulo profesional	Duración
MP5043	Sistemas de telecomunicacións ferroviarias	180
MP5044	Infraestrutura de sistemas de sinalización e seguridade ferroviaria	160
MP5045	Sistemas de control e xestión do tráfico ferroviario	160
MP5046	Normativa de sinalización e seguridade ferroviaria	100
TOTAL		600

B) Espazos e equipamentos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula polivalente	60	40	35%
Taller de sinalización e comunicacións	150	90	65%

Equipamentos
• Equipamentos informáticos instalados en rede e medios audiovisuais. Software de uso xeral e programas informáticos específicos do curso de especialización.
• Dispositivos de almacenamento en rede.
• Sistema de proxección.
• Sistemas de reprografía.
• Bancos de traballo.
• Equipamentos e instrumentos de medida.
• Multímetros. Osciloscopios. Pinzas amperimétricas.
• Sondas lóxicas.
• Fontes de alimentación.
• Xeradores de frecuencia.
• Adestradores electrotécnicos de electrónica analóxica e electrónica dixital.
• Adestrador de transformadores.
• Ferramentas manuais para traballos eléctricos e mecánicos.
• Ferramentas. Utensilios e materiais necesarios para a montaxe dos circuitos.
• Cadros eléctricos. Equipamentos de montaxe de cadros eléctricos.
• Analizadores lóxicos. Arrancadores electrónicos.
• Baterías e acumuladores.
• Convertedores de frecuencia.
• Adestrador de instalacións comúns de telecomunicacións.
• Fonte de alimentación universal para máquinas.
• Xerador de ondas.
• PLC e software asociado.
• Equipamentos de protección individual.
• Simuladores software de sinalización ferroviaria.
• Simulador software de redes móbiles.
• Simuladores software de control de tráfico ferroviario.
• Simuladores software de sistemas de telecomunicacións móbiles.

Anexo XIII

GS Ciberseguridade en contornas das tecnoloxías de operación

A) Módulos profesionais

Código	Módulo profesional	Duración
MP5027	Ciberseguridade en proxectos industriais	100
MP5028	Sistemas de control industrial seguros	120
MP5029	Redes de comunicacións industriais seguras	140
MP5030	Análise forense en ciberseguridade industrial	180
MP5031	Seguridade integral	180
TOTAL		720

B) Espazos e equipamentos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula polivalente	60	40	15%
Aula de informática	120	80	25%
Laboratorio de sistemas automáticos	180	120	30%
Taller de sistemas automáticos	200	130	30%

Equipamentos

<ul style="list-style-type: none"> Equipamentos informáticos instalados en rede e medios audiovisuais. Software de uso xeral e programas informáticos específicos do curso de especialización. Software de desenvolvemento de sistemas de control da operación SCADA. Software de deseño e simulación de sistemas de automatización e robótica industrial. Programas de xestión de proxectos. Sistemas de reprografía. Escáner. Plóter. Elementos actuadores, especialmente con tecnoloxías integradas de comunicacións, tipo IoT. Elementos de mando e manobra. Elementos de protección. Polímetros. Pinzas amperimétricas. Tacómetros. Frecuencímetros. Autómatas programables. Osciloscopios. Inxector de sinais. Bancos de ensaios, control, regulación e acoplamento de máquinas eléctricas estáticas e rotativas. Equipamento para a realización de ensaios. Diversos tipos de motores. Fontes de alimentación. Transformadores monofásicos e trifásicos. Arrancadores progresivos. Elementos e adestradores de comunicacións industriais. Ferramentas e máquinas portátiles de mecanizado para electricidade. Equipamentos e elementos de medición e control.
--



• Dispositivos de almacenamento en rede.
• Elementos medidores e captadores, especialmente con tecnoloxías integradas de comunicacións, tipo IoT.
• Elementos para montaxe e simulación de sistemas hidráulicos, pneumáticos, electrohidráulicos e electropneumáticos.
• Equipamentos e ferramentas de mecanizado manual. Ferramentas portátiles para mecanizado.
• Equipamento para a realización de medicións e verificación de elementos.
• Equipamentos de verificación e medida.
• Mecanismos.
• Computadores en rede e con acceso a internet.
• Paneis modulares para a montaxe de sistemas.
• Simuladores de estacións: distribución, verificación, procesamento, robot etc.

PROXECTO

Anexo XIV

GS Robótica colaborativa

A) Módulos profesionais

Código	Módulo profesional	Duración
MP5087	Robótica colaborativa	81
MP5088	Configuración e programación	181
MP5089	Robots móbiles autónomos	81
MP5090	Seguridade e mantemento	57
TOTAL		400

B) Espazos e equipamentos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula técnica	120	90	100%

Equipamentos
• Equipamentos informáticos instalados en rede e medios audiovisuais. Software de uso xeral e programas informáticos específicos do curso de especialización.
• Software de configuración de sistema de visión artificial.
• Software simulador de robot móbil autónomo.
• Software simulador do brazo robótico colaborativo.
• Sistemas de reprografía.
• Brazo robótico colaborativo con ferramenta pinza ou ventosa de baleiro.
• Equipamentos de verificación e medida.
• Equipamentos periféricos para brazo robótico.
• Robot móbil autónomo e/ou vehículo de guiado automático. Sistemas de guiado.

Anexo XV

GS Auditoría enerxética

A) Módulos profesionais

Código	Módulo profesional	Duración
MP5105	Procesos dunha auditoría enerxética	90
MP5106	Toma de datos e medicións de consumos enerxéticos	120
MP5107	Análise da situación enerxética de edificios e instalacións	90
MP5108	Avaliación da mellora enerxética de edificios e instalacións	120
TOTAL		420

B) Espazos e equipamentos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula polivalente	60	40	40%
Aula de informática	120	80	60%

Equipamentos
<ul style="list-style-type: none"> Equipamentos informáticos instalados en rede e medios audiovisuais. Software de uso xeral e programas informáticos específicos do curso de especialización. Programas de xestión de proxectos. Sistemas de reprografía. Escáner. Plóter.

Anexo XVI

GS Fabricación aditiva

A) Módulos profesionais

Código	Módulo profesional	Duración
MP5065	Tecnoloxías de fabricación aditiva	82
MP5066	Deseño de estruturas alixeiradas e optimización topolóxica en fabricación	82
MP5067	Modelaxe, laminado e impresión 3D	200
MP5068	Escaneamento e reparación de mallas 3D	63
MP5069	Posprocesamento	73
MP5070	Manexo, reparación e custos da fabricación aditiva	100
TOTAL		600

B) Espazos e equipamentos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula de deseño	120	80	30%
Laboratorio de escaneamento	180	120	20%
Laboratorio de impresión 3D	180	120	50%

Equipamentos
• Equipamentos informáticos instalados en rede e medios audiovisuais. Software de uso xeral e programas informáticos específicos do curso de especialización.
• Programas de deseño.
• Escáner.
• Escáneres 3D.
• Impresoras 3D DMF e SLS.
• Plóter.
• Sistemas de reprografía.

Anexo XVII

GS Materiais compostos na industria aeroespacial

A) Módulos profesionais

Código	Módulo profesional	Duración
MP5083	Fabricación de elementos aeroespaciais de materiais compostos por moldeamento manual	180
MP5084	Fabricación automática en materiais compostos	180
MP5085	Polimerización e mecanizado de pezas aeroespaciais de material composto	150
MP5086	Verificación de elementos de materiais compostos	90
TOTAL		600

B) Espazos e equipamentos mínimos

Espazo formativo	Superficie en m ² (30 alumnos/as)	Superficie en m ² (20 alumnos/as)	Grao de utilización
Aula de xestión	90	60	30%
Taller de elementos aeroespaciais	275	200	50%
Almacén	50	50	20%

Equipamentos
<ul style="list-style-type: none"> Equipamentos informáticos instalados en rede e medios audiovisuais. Software de uso xeral e programas informáticos específicos do curso de especialización.
<ul style="list-style-type: none"> Aplicacións ofimáticas.
<ul style="list-style-type: none"> Sistemas de reprografía.
<ul style="list-style-type: none"> Sala limpa: sala illada con sistema de aireación, temperatura e humidade controlada con mesa de 15 m x 1,5 m ou de similares dimensións.
<ul style="list-style-type: none"> Instalación pneumática de 5kg/cm² ou superior.
<ul style="list-style-type: none"> Posto de traballo formado por bancos de traballo con tomas de aire comprimido, tomas eléctricas a 220 V, tornos de banco, conexións pneumáticas, mangas de baleiro e prolongadores eléctricos.
